AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS Á INCORPORACIÓN DO DESEÑO EN PEMES COMO FERRAMENTA DE INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE. PROGRAMA DeseñaPeme	**IN848E**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

TIPO E CATEGORÍA DA EMPRESA

Data de constitución:

Os datos para determinar a categoría da empresa, calculados segundo o artigo 2 do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, son os seguintes:

PERÍODO REFERENCIA	EFECTIVOS (UTA)	HOMES	MULLERES	Nº EFECTIVOS CON CONTRATO INDEFINIDO	VOLUME DE NEGOCIO	BALANCE XERAL
Último exercicio*						
Exercicio anterior**						

CATEGORÍA DA EMPRESA	TIPO DE EMPRESA SEGUNDO VINCULACIÓN

GRUPO EMPRESARIAL (se é o caso)

* Estes datos deberán corresponder ao último exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual. En empresas de nova creación que non pechasen aínda as súas contas utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.
** Datos do exercicio contable inmediatamente anterior ao último pechado.

DATA INICIO ACTIVIDADE | SECTOR | ACTIVIDADE | CÓD. CNAE 2009 EN ACT. PRINCIPAL | EPÍGRAFES IAE*

1 | 2

* Para consignar en 1 o IAE correspondente á actividade principal e en 2 o seguinte en grao de importancia.

COHERENCIA DAS ACTIVIDADES DA EMPRESA COA RIS3 DE GALICIA

Marcar a prioridade que proceda: (máximo dúas prioridades)

RETO 1. Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación

- ☐ 1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
- ☐ 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
- ☐ 3. Galicia *living lab*

RETO 2. Modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento

- ☐ 1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
- ☐ 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
- ☐ 3. Galicia *living lab*

RETO 3. Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación

- ☐ 1. Solucións científico-tecnolóxicas para a sustentabilidade
- ☐ 2. Dixitalización para o novo modelo industrial e social
- ☐ 3. Galicia *living lab*

ALIÑAMENTO COA RIS3 GALICIA

Describa o encaixe coa RIS3 de Galicia sinalado con anterioridade (máximo 250 caracteres).

ÁMBITO DO DESEÑO E DURACIÓN DO PROXECTO DE DESEÑO PARA A INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE

ÁMBITO DO DESEÑO			
DATA DE INICIO		DATA DE FIN	

DESCRICIÓN DO PROXECTO DE DESEÑO

Breve descrición do deseño que se presenta (máximo 250 caracteres).

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

ANEXO I
(continuación)

ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO PARA A INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE[1]

Núm. [1]	TIPO DE ACTIVIDADE [2]	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE [3]	FASE [4]	INICIO ACTIVIDADE [5]	TIPO DE GASTO [6]	CONCEPTO DE GASTO [7]	2022	2023	CUSTO TOTAL	+
										-

* Cubrir tantas filas como sexan necesarias.

RESUMO ORZAMENTARIO DO PROXECTO DE DESEÑO PARA A INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE

Concepto de gasto		ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023	TOTAL
a.1 Custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais				
a.2 Custos de servizos de asesoramento en materia de innovación				
a.3 Custos de servizos de apoio en materia de deseño para a innovación				
a.4 Activos materiais e inmateriais				
a.5 Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición				
a.6 Custos de persoal propio				
a.7 Custos de persoal de nova contratación				
a.8 Custos de adquisición de licenzas de propiedade industrial				
a.9 Custos de material, subministracións e produtos similares				
a.10 Custos de subcontratación de actividades				
CUSTO TOTAL DO PROXECTO DE DESEÑO				
Intensidade de axuda (50 %)	**SUBVENCIÓN SOLICITADA**			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
   - ◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou proxecto, nin para as mesmas partidas ou conceptos de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención.
   - ◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para esta mesma finalidade ou proxecto, ou para as mesmas partidas ou conceptos de gasto, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan*:

DATA SOLICITUDE	DATA CONCESIÓN	ORGANISMO	PROGRAMA CONVOCATORIA	IMPORTE (€)	TIPO (subvención, préstamo...)	DISPOSICIÓN REGULADORA	+
							-

* Para o caso de axudas concedidas, achégase copia da resolución da axuda que se declara. Non é necesario incluír información relativa ás axudas denegadas.

2. Que, en relación coas desgravacións fiscais por actividades de I+D+i nas últimas tres anualidades:
   - ◯ Non obtivo desgravacións fiscais por actividades de I+D+i nas últimas tres anualidades.
   - ◯ Si obtivo desgravacións fiscais por actividades de I+D+i nas últimas tres anualidades.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que a entidade que represento non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Que a entidade que represento non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que a entidade que represento está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade que represento non está suxeita a unha orde de recuperación pendente, tras unha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
8. Que a entidade solicitante ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto de deseño para o cal se solicita a axuda.
9. Que non ten a consideración de empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
10. Que a solicitude de axuda é anterior ao comezo das actividades do proxecto de deseño para as cales se solicita (efecto incentivador).
11. Que a empresa cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase na seguinte categoría:
    - ◯ MICROEMPRESA (ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supere os 2 millóns de euros).
    - ◯ PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros).
    - ◯ MEDIANA EMPRESA (ocupa máis de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral supera os 10 millóns de euros, non podendo superar o límite máximo de 250 persoas, volume de negocio anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual non superior a 43 millóns de euros).

12. Que a entidade solicitante manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.
13. Que a entidade solicitante conservará toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas, en que estean incluídos os gastos da operación concluída (artigos 125.4.d) e 140.1 do Regulamento 1303/2013).
14. Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
15. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.
16. Que, en relación co plan de igualdade:

   ◯ Dispón de plan de igualdade

   ◯ Non dispón de plan de igualdade

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Memoria técnica do proxecto de deseño para a innovación e sustentabilidade proposto (segundo a guía do anexo III)
- ☐ Copia da escritura de constitución da entidade e as súas modificacións posteriores
- ☐ Certificación actualizada do Rexistro Mercantil, en que se especifique a data de constitución, o obxecto social, capital, sede social e clasificación CNAE
- ☐ De ser o caso, poder de representación verificado
- ☐ Declaración completa do imposto de sociedades do último exercicio pechado, modelo 200 da Axencia Tributaria Estatal
- ☐ Informe do cadro de persoal medio anual emitido pola Seguridade Social (segundo o artigo 11.1.f) da convocatoria)
- ☐ No caso de pemes vinculadas, asociadas ou participadas (segundo o artigo 11.1.g) da convocatoria), deberase achegar para cada unha das empresas vinculadas a documentación das alíneas b, c, e, f
- ☐ Copia da resolución de concesión de axudas para a mesma finalidade, de ser o caso:

NOME DA AXUDA	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO	+
				-

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante que asine a solicitude	☐
Poder da persoa representante que presenta a solicitude inscrito no rexistro competente	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	◯ SI ◯ NON
NIF da entidade representante	◯ SI ◯ NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	◯ SI ◯ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPD, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas ao deseño para a mellora da capacidade de innovación e sustentabilidade das empresas en Galicia, a través do impulso da xestión do deseño estratéxico de produtos, servizos, experiencias e marcas e identidades corporativas, enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (programa DeseñaPeme) (código de procedemento IN848E).

SINATURA DA PERSONA REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

Xacobeo 21·22